

ORDENANZA 3.15

TAXA POLA SUBMINISTRACION DE AUGA E CONSERVACION DE CONTADORES

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e consonte o que dispoñen os artigos 15 e 20.4 t) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por sumministración de auga e conservación de contadores, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo, e polo Regulamento do servicio municipal de fornecemento de auga potable.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa:

1. A utilización da rede de fornecemento de auga polos predios situados no termo municipal, e o beneficio obtido polo mantemento do contador.
Para os efectos de aplica-la taxa distínguense tres tipos de consumo:
 - a) Usos domésticos: son os que atenden ás necesidades vitais, tales como bebida, preparación de alimentos, limpeza, aseo, etc.
 - b) Usos industriais: son aqueles nos que a auga se emprega como motor ou como axente mecánico ou químico, e nos que se verifica a transformación en vapor, xeo, bebidas carbónicas, etc.
 - c) Usos para obras: son os que atenden ás necesidades da construción, como elaboración de argamasas e formigóns, rego e outras.
2. O servicio de verificación e conservación de contadores nos termos previstos no artigo 29 do Regulamento do servicio municipal de fornecemento de auga potable.

Artigo 3º. Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes as entidades físicas e xurídicas, e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten a prestación do servicio ou sexan usuarias do mesmo en virtude de calquera título.
2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles afectados, que poderán repercuti-las cotas, no seu caso, nos respectivos usuarios.

Artigo 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Base imponible

A base imponible da taxa por administración de auga potable está constituída polo consumo de auga medido en metros cúbicos e dependendo do concepto de ingreso

Artigo 6º. Cota tributaria.

1. Cota por administración de auga: a cota tributaria en concepto de taxa por administración de auga potable resulta de aplicar á base imponible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:

A. Usos domésticos:

- 1 Por mantemento do servizo € / m3
 - 1.1. Mínimo de 10 m3 mes0,375145 €
 - 1.2. Por m3 que exceda do mínimo.....0,553627 €

2. Por amortización de investimentos

- 2.1. Mínimo de 10 m3 mes0,005950 €
- 2.2. Por m3 que exceda do mínimo.....0,005950 €

B. Usos industriais**1. Por mantemento do servizo**

- 1.1. Mínimo de 100 m3 mes0,553069 €
- 1.2. Por m3 que exceda do mínimo.....0,685363 €

2. Por amortización de investimentos

- 2.1. Mínimo de 100 m3 mes0,005950 €
- 2.2. Por m3 que exceda do mínimo.....0,005950 €

C. Usos para obras**1. Por mantemento do servizo**

- 1.1. Mínimo de 10 m3 mes0,553069 €
- 1.2. Por m3 que exceda do mínimo.....0,685363 €

2. Por amortización de investimentos

- 2.1. Mínimo de 10 m3 mes0,005950 €
- 2.2. Por m3 que exceda do mínimo.....0,005950 €

2. A cota que se esixirá en todo caso pola prestación do servizo será a mínima establecida segundo o tipo do consumo.

3. A taxa en concepto de amortización só será esixible a partir da recepción das obras que motivaron a súa imposición e ata a total amortización das mesmas.
4. No caso de avaría no equipo de medida ou falla de aboamento no momento de efectuar a lectura, estimarase o consumo consonte co previsto no Regulamento do servizo municipal de sumministración de auga potable.
5. Os usuarios que carezan de contador pagarán unha cota mensual de 24 m3 polo uso doméstico e 240 m3 no caso de obras.
6. Ó solicitar a prestación do servizo e para atende-lo pagamento de calquera descuberto ou dano nas instalacións do servizo imputable o abonado, este estará obrigado a depositar unha cantidade entre 18,20 € mínimo e 87,41 € máximo, segundo tarifa. Este depósito devolverase no intre de causar baixa e previo pago de tódolos recibos pendentes.
7. A cota mensual por verificación e conservación de contadores é a seguinte:

	€/aboad/mes
1. Contadores de 7 a 13 mm.	0,147202 €
2. Contadores de 15 mm.	0,184054 €
3. Contadores de 20 a 30 mm.	0,220838 €
4. Contadores de 40 mm.	0,331326 €
5. De 50 mm. ó final.....	Segundo presuposto

O cobro desta tarifa farase conxuntamente ca da auga.

Artigo 7º. Exencións e bonificacións

1. Estarán exentos os contribuíntes que obteñan uns ingresos anuais inferiores ao salario mínimo interprofesional.
2. As solicitudes de exención resolveranse por acordo da Xunta de Goberno local previo informe do Departamento de Servizos Sociais e, en todo caso, do Servizo de xestión, inspección e recadación tributaria.

Artigo 8º. Obriga de contribuir

A taxa devengarase a partires do comezo da prestación do servizo.

Artigo 9º. Normas de xestión

1. A facturación dos consumos farase bimestralmente. Non obstante, e con carácter excepcional, o Concello poderá aproba-la facturación mensual no caso de aboados con consumos superiores a 500 m3 que o soliciten, e previo informe da empresa sumministradora.
2. Os suxeitos pasivos deberán presenta-la solicitude de alta ou baixa no servizo e, unha vez concedida a licencia de conexión á rede, incorporaranse o censo de suxeitos pasivos en concepto de taxa por sumministración de auga potable.
3. Os suxeitos pasivos que aparezan como titulares o comezo de cada periodo facturado están obrigados ó pagamento das liquidacións mensuais ou bimensuais correspondentes.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Con respecto á calificación das infraccións rexerá o disposto nos artigos correspondentes do Regulamento do servizo municipal de sumministración de auga potable, e para todo o relativo a calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día vinte e sete de outubro de dous mil cinco, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de vinte e tres de decembro de dous mil cinco. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil seis, e aplicarse mentres non se acorde a súa derogación ou modificación

